


A.- ARQUITECTURA RELIXIOSA

A01

NOME	CONXUNTO PARROQUIAL DE STA MARIA DE DEXO
LOCALIZACIÓN	DEXO
TIPOLOXÍA	IGREXAS, ERMIDAS E CONXUNTOS PARROQUIAIS
TITULARIDADE	INSTITUCIONAL
ESTADO DE CONSERVACIÓN	BO
GRAO DE PROTECCION	INTEGRAL
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA	SOLO URBANO. SISTEMA DE EQUIPAMENTOS




PLANTA RECTANGULAR CON ÁBSIDA SEMICIRCULAR.  
 BAIXO O BEIRIL, CONXUNTO ESCULTÓRICO MOI DETERIORADO.  
 FACHADA PRINCIPAL CRUZADA POR UNHA IMPOSTA SOBRE O ARCO DE ENTRADA. DELIMITADA POR DÚAS SEMICOLUMNAS REMATADAS EN PINÁCULOS.  
 O CAMPANARIO ROMPE A COMPOSICIÓN CUN TIPO DIFERENTE DE FÁBRICA.  
 CUBERTA A DÚAS AUGAS SOBRE CERCHA DE MADEIRA.

A.- ARQUITECTURA RELIXIOSA

A02

NOME	CONXUNTO PARROQUIAL DE SAN COSME DE MAIANCA
LOCALIZACIÓN	MAIANCA
TIPOLOXÍA	IGREXAS, ERMIDAS E CONXUNTOS PARROQUIAIS
TITULARIDADE	INSTITUCIONAL
ESTADO DE CONSERVACIÓN	BO
GRAO DE PROTECCION	INTEGRAL
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA	SOLO URBANO. SISTEMA DE EQUIPAMENTOS



FUNDADA ANTES DO SÉCULO XX, RECONSTRUÍDA POSTERIORMENTE. TRANSFORMACIÓN NOS ANOS 70.

CONSERVA O CAMPANIL ROMÁNICO.

PÓRTICO CON CATRO COLUMNAS DE SECCIÓN CADRADA.

O RECINTO DO CEMITERIO PÉCHASE POLAS PAREDES DOS PANTEÓNS.


ANTEADRO CON CRUCEIRO DE INTERESE.

DESTACAN CATRO PANTEÓNS MODERNISTAS NO CEMITERIO.

A.- ARQUITECTURA RELIGIOSA

A03

NOME	IGREXA DE SAN MARTIÑO DE DORNEDA
LOCALIZACIÓN	DORNEDA
TIPOLOXÍA	IGREXAS, ERMIDAS E CONXUNTOS PARROQUIAIS
TITULARIDADE	INSTITUCIONAL
ESTADO DE CONSERVACIÓN	BO
GRAO DE PROTECCION	INTEGRAL
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA	SOLO RÚSTICO. SISTEMA DE EQUIPAMENTOS



PLANTA DE CRUZ LATINA CON CRUCEIRO DENOSTADO Ó EXTERIOR. FACHADA PRINCIPAL CON TRES EIXES. O ÚLTIMO TERCIO CON IMPOSTA. NA RÚA CENTRAL, PORTA CON ARCO ALINTELADO. NO TERCIO SUPERIOR UNHA CARTELA CON INSCRICIÓN DE 1869. REMATA EN FRONTÓN PARTIDO POLO CAMPANARIO DUN CORPO CON DOUS VANS E FRONTONCIÑO CURVO CON PINÁCULOS REMATADOS EN BOLA. NO TESTEIRO DA ÁBSIDA, UNHA CRUZ. O CONXUNTO INCLÚE O RECINTO DO CEMITERIO. UN CRUCEIRO DIANTE DA FACHADA E OUTRO NO CRUCE DE CAMIÑOS.

A.- ARQUITECTURA RELIGIOSA

A|04

NOME	IGREXA DE SANTA MARIA DE OLEIROS
LOCALIZACIÓN	OLEIROS
TIPOLOXÍA	IGREXAS, ERMIDAS E CONXUNTOS PARROQUIAIS
TITULARIDADE	INSTITUCIONAL
ESTADO DE CONSERVACIÓN	BO
GRAO DE PROTECCION	INTEGRAL
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA	SOLO RÚSTICO. SISTEMA DE EQUIPAMENTOS





IGREXA DE PLANTA RECTANGULAR E PEQUENA SACRISTÍA.  
 FÁBRICA DE CACHOTE DE PEDRA ENCALADA E CON REMATES DE CANTERÍA EN ESQUINAIS,  
 FORMACIÓN DE VANS E CAMPANARIO.  
 PORTA ALINTELADA, ÓCULO E FRONTÓN PARTIDO POLO CAMPANARIO DUN CORPO E DOUS VANS EN  
 ARCO, CORNIXA E FRONTOCIÑO CON PINÁCULOS.  
 PORTA LATERAL CEGADA E TRONEIRA ABUCINADA DE FEITURA MEDIEVAL.  
 INTERIOR DUNHA NAVE CON ARCO DE ACCESO Ó PRESBITERIO.  
 EMPRAZADA NUN CAMPIÑO FRONTE Ó RECINTO DO CEMITERIO.

A.- ARQUITECTURA RELIGIOSA

A05

NOME	IGREXA DE SANTA LEOCADIA DE PERILLO
LOCALIZACIÓN	PERILLO
TIPOLOXÍA	IGREXAS, ERMIDAS E CONXUNTOS PARROQUIAIS
TITULARIDADE	INSTITUCIONAL
ESTADO DE CONSERVACIÓN	BO
GRAO DE PROTECCION	NON INTEGRAL
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA	SOLO URBANO. SISTEMA DE EQUIPAMENTOS



A FUNDACIÓN DA IGREXA (NUN PRIMEIRO DEPENDENTE DO MOSTEIRO DE ANTEALTARES DE SANTIAGO) XA CONSTA NO 1182.

A IGREXA ACTUAL É DE CRUZ LATINA, CUNHA CAPELA ENGADIDA POSTERIOR, QUE PECHA A CRUZ DO LADO DO EVANXELIO. NO MESMO BRAZO DO CRUCEIRO ENGADIUSE TAMÉN UNHA TORRE.

MAMPOSTERÍA ENCALADA, CON CANTERÍA EN MOLDURAS DA PORTA E VANS.

CAMPANARIO DE CANTERÍA.

PORTA PRINCIPAL ALINTELADA CON MOLDURA DE ORELLA E ENCINTADO DAS DOELAS.

FRONTÓN PARTIDO POLO CAMPANARIO DUN CORPO E DOUS VANS, CORNIXA E FRONTÓN CURVO.

A FACHADA DO CRUCEIRO ESQUERDO É DE CANTERÍA, PORTA ALINTELADA CON MOLDURAS, SOBRE ELA UN ESCUDO, UNHA VENTÁ ABUCINADA.


NO INTERIOR, BÓVEDA DE ARESTAS NA NAVE PRINCIPAL CON ARCOS FAIXÓNS APOIADOS EN SEMICOLUMNAS.

ARCO DE ACCESO Ó PREBITERIO.

A.- ARQUITECTURA RELIGIOSA

A06

NOME	CONXUNTO PARROQUIAL DE SANTALLA DE LIANS
LOCALIZACIÓN	LIANS
TIPOLOXÍA	IGREXAS, ERMIDAS E CONXUNTOS PARROQUIAIS
TITULARIDADE	INSTITUCIONAL
ESTADO DE CONSERVACIÓN	BO
GRAO DE PROTECCION	INTEGRAL
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA	SOLO URBANIZABLE. SISTEMA DE EQUIPAMENTOS




PLANTA BARROCA DE CRUZ LATINA E SACRISTÍA NA CABECEIRA.  
 FACHADA DE CANTERÍA ENMARCADA POR DÚAS SEMICOLUMNAS.  
 PORTA ALINTELADA CO LABRA NAS MOLDURAS.  
 ESTÁ ENMARCADA POR DÚAS PILASTRAS DE CAIXÓN QUE SUSTENTAN UN ENTABLAMENTO CON  
 FRONTÓN SEMICIRCULAR. NOS EXTREMOS DOS PINÁCULOS.  
 SOBRE A PORTA UNHA PEQUENA VENTÁ CADRADA E MOLDURADA.  
 FRONTÓN PARTIDO POR PEQUENA TORRE CAMPANARIO DUN SÓ CORPO CON VANS NAS CATRO  
 CARAS.  
 NO INTERIOR, BÓVEDA DE ARESTAS NA NAVE DIVIDIDA POR ARCOS FAIXÓNS.  
 NO CRUCEIRO, CÚPULA SOBRE PENDENTES CON LANTERNA EXAGONAL.

A.- ARQUITECTURA RELIGIOSA

A07

NOME	IGREXA DE SAN XURXO DE IÑAS
LOCALIZACIÓN	IÑAS
TIPOLOXÍA	IGREXAS, ERMIDAS E CONXUNTOS PARROQUIAIS
TITULARIDADE	INSTITUCIONAL
ESTADO DE CONSERVACIÓN	BO
GRAO DE PROTECCION	INTEGRAL
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA	SOLO URBANO. SISTEMA DE EQUIPAMENTOS




PLANTA RECTANGULAR DUNHA NAVE CON ÁBSIDA.  
 ESQUINAIS, VANS E CORNIXA DE PEDRA, O RESTO ENCALADO.  
 MARCA O EIXE DA FACHADA UNHA FRANXA VERTICAL DE CANTERÍA, REMATADA POR UNHA CORNIXA  
 MOI VOADA COMO BASE DUN CAMPANARIO DE DOBRE VAN.  
 UNHA VENTÁ SEMICIRCULAR FAI DE REMATE DA PORTA PRINCIPAL ALINTELADA.

A.- ARQUITECTURA RELIGIOSA

A08

NOME	IGREXA DE SAN PEDRO DE NOS
LOCALIZACIÓN	NOS
TIPOLOXÍA	IGREXAS, ERMIDAS E CONXUNTOS PARROQUIAIS
TITULARIDADE	INSTITUCIONAL
ESTADO DE CONSERVACIÓN	BO
GRAO DE PROTECCION	INTEGRAL
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA	SOLO URBANO. SISTEMA DE EQUIPAMENTOS



CONSTRUÍDA SOBRE A LOCALIZACIÓN DA ANTIGA IGREXA.  
 EDIFICIO HISTORICISTA CON FACHADA ENCALADA CON RECERCADOS E PILASTRAS DE CANTERÍA.  
 A CANTERÍA DEBUXA TRAZADOS CURVILÍNEOS DE ARCOS, CARTELA E MOLDURAS.  
 CAMPANARIO DE LIÑAS CURVAS CON FRONTÓN SEMICIRCULAR REMATADO NUNHA BOLA.  
 RETABLO NEOCLÁSICO PROCEDENTE DO CONVENTO DE SANTO DOMINGO DE SANTIAGO DE  
 COMPOSTELA.



A.- ARQUITECTURA RELIGIOSA

A09

NOME	CAPELA DE SANTA ANA
LOCALIZACIÓN	MAIANCA
TIPOLOXÍA	IGREXAS, ERMIDAS E CONXUNTOS PARROQUIAIS
TITULARIDADE	INSTITUCIONAL
ESTADO DE CONSERVACIÓN	BO
GRAO DE PROTECCION	NON INTEGRAL
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA	SOLO URBANO. SISTEMA DE EQUIPAMENTOS



IGREXA DE FINAIS DO SÉCULO XIX E PRIMEIROS DO XX.  
 PORTA ALINTELADA SOBRE A CAL SE ABREN DÚAS VENTÁS XEMELGAS DE ARCO APUNTALADO,  
 SOBRE ELAS UN PEQUENO ÓCULO, E REMATANDO A FACHADA UN CAMPANIL DE VAN SINXELO QUE  
 APUNTA A PROPORCIÓN CASE CADRADA DA FACHADA PRINCIPAL.

A.- ARQUITECTURA RELIGIOSA

A10

NOME	CAPELA DE SAN PAIO. LIANS-MONTROVE
LOCALIZACIÓN	LIANS
TIPOLOXÍA	IGREXAS, ERMIDAS E CONXUNTOS PARROQUIAIS
TITULARIDADE	INSTITUCIONAL
ESTADO DE CONSERVACIÓN	BO
GRAO DE PROTECCION	NON INTEGRAL
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA	SOLO URBANO. SISTEMA DE EQUIPAMENTOS




PLANTA RECTANGULAR ALONGADA CON SACRISTÍA LATERAL.  
 FRONTÓN CURVO CON IMPOSTA, REMATADO POR UN PEQUENO CAMPANIL DUN SÓ VAN.  
 PORTA EN ARCO SOBRE A CAL SE ABRE UN PEQUENO ÓCULO.  
 REMATAN A FACHADA ENCALADA E PINTADA, AS MOLDURAS E PINÁCULOS NAS ESQUINAS.

A.- ARQUITECTURA RELIGIOSA

A11

NOME	CAPELA DE SAN MARCOS.
LOCALIZACIÓN	NOS
TIPOLOXÍA	IGREXAS, ERMIDAS E CONXUNTOS PARROQUIAIS
TITULARIDADE	INSTITUCIONAL
ESTADO DE CONSERVACIÓN	BO
GRAO DE PROTECCION	NON INTEGRAL
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA	SOLO URBANO. SISTEMA DE EQUIPAMENTOS





PLANTA RECTANGULAR CONSTRUÍDA EN FÁBRICA DE MAMPOSTERÍA E CUBERTA A DÚAS AUGAS. A ÚNICA FONTE DE LUZ É UN VENTANUCO QUE SE ABRE NUN MURO LATERAL. DE INTERESE SON AS XAMBAS E LINTEL-TÍMPANO (CUNHA CRUZ ESCULPIDA) DA PORTA PRINCIPAL. O CAMPANÍL FOI REPOSTO E NÓTASE MOITO A DIFERENCIA.

A.- ARQUITECTURA RELIXIOSA

A12

NOME	IGREXA DE SANTA CRUZ
LOCALIZACIÓN	SANTA CRUZ
TIPOLOXÍA	IGREXAS, ERMIDAS E CONXUNTOS PARROQUIAIS
TITULARIDADE	INSTITUCIONAL
ESTADO DE CONSERVACIÓN	BO
GRAO DE PROTECCION	NON INTEGRAL
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA	SOLO URBANO. SISTEMA DE EQUIPAMENTOS



ESTA IGREXA DE M. FISAC E O EDIFICIO DE EXERCICIOS ESPIRITUAIS ADXACENTE UTILIZAN SABIAMENTE O FORMIGÓN ARMADO COMO MATERIAL, BAIXO CRITERIOS QUE LEVAN AS SÚAS CUALIDADES PLÁSTICAS E RESISTENTES AO LÍMITE DA ARQUITECTURA. CHAMA A ATENCIÓN O EMPREGO DAS SUPERFICIES CILÍNDRICAS PARA ESTABLECE-LO DIÁLOGO ENTRE AS DÚAS PEZAS, E TAMÉN A AGULLA-CAMPANARIO EXENTO.

A.- ARQUITECTURA RELIXIOSA

A13

NOME	IGREXA DE SAN XOÁN DE SERANTES
LOCALIZACIÓN	SERANTES
TIPOLOXÍA	IGREXAS, ERMIDAS E CONXUNTOS PARROQUIAIS
TITULARIDADE	INSTITUCIONAL
ESTADO DE CONSERVACIÓN	BO
GRAO DE PROTECCION	NON INTEGRAL
CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA	SOLO URBANO. SISTEMA DE EQUIPAMENTOS

